

## ÁMBITO

Localidade	Bueu
Comarca	O Morrazo
Lugar de realización	Centro de Asociacionismo

## ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación)	18
Nº de non militantes asistentes	5
Nº de militantes convocad@s Todos/as (varias ausencias desculpadas por compromisos diversos).	

## DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

*Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso*

A nivel local	Xosé Leal Fariña
Representante do Consello Nacional	Silvia Carballo González

## NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión	2 horas
Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc)	Asemblea aberta clásica na que se estableceu diálogo entre todas as persoas alí presentes. A disposición foi de mesa redonda, o que propiciou que as intervencións das persoas asistentes se intercalasen de forma moi amena.

## VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

*Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.*

Tono cordial e participativo por parte de persoas de ideoloxía nacionalista que se achegaban por primeira vez a unha asemblea aberta do BNG, que tiveron moito protagonismo no transcurso do acto. Houbo algunhas intervencións con espírito crítico do traballo feito a nivel nacional dos últimos anos e valoracións positivas do feito a nivel local, en ambos casos con matices por parte dalgúns dos asistentes. Fíxose fincapé en certos cambios que se levaron a cabo na última campaña das xerais como aspectos novidosos. Estableceuse de cara ao futuro unha serie de actos

## VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANSCURSO DA REUNIÓN

para mostrar a cidadanía o traballo que se leva a cabo a nivel institucional en canto ao coidado do patrimonio, a lingua e a memoria histórica.

## PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posibles):

- É atractivo hoxe o proxecto nacionalista?
- Como comunica o BNG coa sociedade?
- Os modelos de referencia a nivel local extrapólanse a nivel nacional?
- A mocidade ve futuro no BNG?
- Que estamos a facer ben/mal nas institucións?
- Visualizouse un cambio na campaña das xerais con respecto a outras citas?
- Como se ve a Ana Pontón como portavoz?

Con carácter xeral:

- As diferentes correntes do nacionalismo deberían unirse de novo a partires duns criterios de mínimos baixo o paraugas do BNG. Dá moi mala imaxe a batalla con outras forzas como Anova.
- O discurso actual do BNG non está sendo o axeitado nalgúns aspectos, ficando afastado da realidade.
- Non funcionan os discursos que son moi ideoloxizadores. Vénnos nalgúns eidos como moi sectarios en canto ao discurso xeral.

## PROPOSTAS PARA O DEBATE

-Débese conectar máis coa mocidade, con ese electorado que antes canalizaba o seu descontento votando BNG, que representaba a opción máis rupturista que agora se identifica con outras forzas.

-O fracaso electoral en cidades como Vigo, Ourense ou A Coruña indica que hai que analizar moi ben o traballo que se leva a cabo nas urbes en relación con vilas medias e pequenas con mellores resultados.

-Hai que achegarse máis á xente tomando como referencia os lugares onde se optou por esta liña e se pode ver o éxito a nivel local.

-Darlle máis visibilidade aos proxectos locais con éxito electoral e social.

-Existe unha crise cultural moi importante e temos que estudar fórmulas diversas para solucionala.

-Pérdese peso institucional a nivel galego, mais na provincia hai lugares con moi bos resultados. É preciso un bo traballo nos Concellos e na Deputación para fidelizar a ese electorado e ir incrementándoo.

-A última campaña das xerais foi máis fresca que de costume, sendo moi interesante nas redes sociais aínda que non trouxo bos resultados.

-Houbo xente que non visualizou que o BNG ía dentro de Nós. Confusión en parte do electorado. Botouse en falta o "mailing" xa que boa parte dos/das votantes trae o seu voto da casa.

-Apréciase que Ana Pontón non é moi coñecida entre o votante medio, non sendo só un problema da falta de presenza nos medios de comunicación. Hai que visualizala nas realidades onde hai apoio social como unha persoa cercana.

## Radiografía da Galiza de hoxe

**PROPOSTAS PARA O DEBATE**

**Estratexia política do nacionalismo galego**

**Participación política e modelo organizativo**

**PROPOSTAS PARA O DEBATE**